

PROXECTO

EDUCATIVO

Curso: 2025-2026

CEIP AREALONGA

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 27/01/2026

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 27/01/2026

Os centros docentes disporán de autonomía, no marco da lexislación vixente, para definir o modelo de xestión organizativa e pedagóxica, que deberá concretarse mediante o proxecto educativo de centro, proxectos curriculares e as súas respectivas normas de organización e funcionamento.

O proxecto educativo de centro recollerá os valores, obxectivos e prioridades de actuación.

ÍNDICE

1.- CONTEXTUALIZACIÓN	4
1.1.- Resumo histórico	4
1.2.- Situación xeográfica, socioeconómica e cultural da contorna	5
1.3.- Características do alumnado	7
2.- VALORES, FINS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓNS	8
3.- O CENTRO	11
3.1.- Instalacións	11
3.2.- Horarios xerais do centro	12
3.3.- Área de influencia e centros adscritos	14
4.- OFERTA EDUCATIVA	15
4.1.- Etapas educativas	15
4.2.- Organización da oferta	16
5.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	18
5.1.- Comedor	18
5.2.- Transporte escolar	18
5.3.- Outros servizos	19
6.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	19
7.- ESTRUCTURA FUNCIONAL E ORGANIZATIVA	19
8.- RELACIÓN COS AXENTES EDUCATIVOS, SOCIAIS, ECONÓMICOS E CULTURAI DA CONTORNA	22
9.- DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO	24
10.- PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE CENTRO	25

1. CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. RESUMO HISTÓRICO

O CEIP Arealonga é un Centro Público de Educación Infantil e Primaria dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia.

Datos do colexio:

Nome: Colexio de Educación Infantil e Primaria Arealonga.

Dirección: R. Xunqueira nº6, 36600, Vilagarcía de Arousa.

Código do Centro: 360 124 19

C.I.F.: Q-8655492-J

Teléfono: 886 15 18 40

Teléfono móbil: 636 625 817

Fax: 886 15 18 41

E-mail: ceip.arealonga@edu.xunta.gal

Páxina web: centros.edu.xunta.gal/ceiparealonga

O CEIP Arealonga contaba con 3 unidades de Educación Infantil e 3 liñas en cada curso de Educación Primaria repartidos en dous edificios separados por uns poucos metros. Ata o curso 2017/2018 a realidade era esa, pero houbo un descenso de natalidade que se reflectiu na matrícula, polo que durante estes anos perdemos unha aula por curso, pasando a ser na actualidade un centro de liña 2 na etapa de primaria.

O curso 2022/2023 produciuse a integración da EEI Vagalume no noso centro, polo que as tres unidades de infantil que tiñamos pasaron ao edificio Vagalume que recolle as 6 aulas actuais desta etapa.

O edificio que ata ese momento ocupaban as aulas de Educación infantil está a ser utilizado pola ANPA para atender ao alumnado do Plan Madruga e para dar o servizo de comedor escolar, que se puxo en marcha o curso 2023/2024 para atender á demanda das familias.

1.2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA

SITUACIÓN XEOGRÁFICA:

O CEIP Arealonga está situado no núcleo urbano do Concello de Vilagarcía de Arousa, no barrio da Lomba. A súa influencia é a zona urbana e as zonas periféricas de A Torre, Cornazo, A Laxe e Trabanca Badiña.

Vilagarcía de Arousa é un concello da provincia de Pontevedra, pertencente á Comarca do Salnés.

Atópase na parte meridional da ría de Arousa e ten unha extensión de 47,14 km².

Limita ao norte con Catoira, ao leste con Caldas de Reis e ao sur con Vilanova de Arousa.

O extremo norte do concello, a parroquia de Bamio, sitúase xa na confluencia do río Ulla co océano mentres que no sur destaca o Monte Lobeira cunhas boas vistas de toda a baía.

A súa extensión repártese en parroquias:

Arealonga (Santa Baia), Bamio (San Xens), O Carril (Santiago), Cea (San Pedro), Cornazo (San Pedro), Fontecarmoa (San Pedro), Rubiáns (Santa María), Sobradelo (San Salvador), Sobrán (San Martiño de Fóra), Sobrán (San Martiño), Solobeira (San Fins) e Vilagarcía (Santa Baia).

Tamén se reparte en varios barrios: San Roque, San José, A Escardia, Espiñeira, Os Duráns, Castro, A Baldosa, Centro, A Maroma, As Bocas, Cornazo de Abaixo, A Xunqueira, Vilaboa, A Laxe, A Coca, O Piñeiriño, As Carolinas e A Florida.

Vilagarcía, capital da Ría de Arousa e porto natural de Santiago de Compostela. Polas súas características xeográficas, é un foco de atracción para moitas persoas, que escollen esta cidade para fixar a súa residencia, xa sexa primeira, segunda ou de vacacións.

ESTRUTURA DEMOGRÁFICA:

É unha zona densamente poboada de forte inmigración, cunha gran proporción de poboación xove, cunha cualificación profesional medio-baixa, pertencente fundamentalmente ao sector servizos e cunha porcentaxe relativamente baixa adicada ao sector industrial.

Nótase un ascenso na incorporación da muller ao mundo do traballo, fundamentalmente no sector servizos. A idade media dos pais está por debaixo dos corenta anos.

Segundo o padrón municipal, a súa poboación no ano 2024 son 37.761 persoas, sendo a novena cidade galega en poboación e a terceira da provincia tras Vigo e Pontevedra.

ENTORNO SOCIOECONÓMICO:

A actividade económica predominante é a do sector servizos, da que o comercio e a hostalería ocupan a maior porcentaxe de poboación activa, seguido de profesionais independentes, a construción e a industria. A actividade agrícola das zonas periféricas é totalmente complementaria e de escasa importancia económica.

VIVENDA E TRANSPORTE:

O alumnado que reside no casco urbano, xeralmente vive en pisos, predominando a vivenda unifamiliar naqueles que proceden dos barrios rurais.

O transporte individual é o que predomina cun gran incremento do parque móbil, se ben na actualidade todos os barrios e parroquias do concello están conectadas con liñas de autobuses urbanos, se ben é certo que nalgúns barrios este aínda é algo deficiente, sobre todo en canto á frecuencia.

O alumnado utiliza o transporte escolar para o que conta con oito percorridos que traen aos alumnos de A Torre, Trabanca Badiña, A Laxe, As Carolinas, e do centro urbano.

NIVEL SOCIOCULTURAL:

O nivel sociocultural é medio, a oferta cultural no casco urbano está a un bo nivel, e nos barrios periféricos mellorou considerablemente nos últimos anos, xa que en todos hai casas de cultura dotadas de bibliotecas.

CONDICIÓN LINGÜÍSTICA AMBIENTAL:

A condición lingüística ambiental é maioritariamente castelán. É de destacar que tradicionalmente a valoración social que se fai da lingua galega é pouca en toda a zona, se ben é certo que nos últimos anos algo se vai mellorando, pero máis a nivel teórico e de coñecemento que no uso da fala.

1.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

A capacidade do centro é de 130 prazas para Infantil e 300 prazas para Primaria distribuídas en dous grupos para cada nivel, facendo un total de 430.

Actualmente o centro conta con aproximadamente 320 alumnos, cifra que pode variar un pouco ao longo do curso.

O centro conta con alumnado con necesidades educativas específicas e son atendidos polo Departamento de Orientación, que dentro da programación que se establece cada curso na PXA son atendidos por mestras especialistas de PT, AL ou reciben apoios por parte dos outros mestres do centro dentro do Plan de Atención á Diversidade.

2. VALORES, FINES E PRIORIDADES DE ACTUACIÓN

O CEIP Arealonga é un centro aconfesional de titularidade pública. Manifestando con iso o seu respecto e tolerancia con todas as crenzas relixiosas e culturais. A comunidade educativa cre nun ensino democrático; partícipe do principio de non discriminación e fomentador da inclusión educativa como manifestación dunha vontade, onde o alumnado sexa quen de facer a súa elección sen que medie ningunha criba previa, facendo fincapé na formación integral da persoa. Por iso a nosa acción educativa xira en torno a catro eixos fundamentais:

- Unha educación en valores que forme as persoas.
- Unha educación participativa, democrática, integral, que conduza a un respecto pola diversidade en xeral (cultural, ideolóxica, étnica, de xénero...)
- Unha educación que fomente o gusto e valoración pola contorna e a cultura propia.
- Unha educación que valore o coñecemento e a adquisición do saber como unha parte fundamental do desenvolvemento persoal.

Queremos tentar que o alumnado se achegue ao proceso de ensino - aprendizaxe, fomentando unha postura activa, crítica e participativa no centro e na contorna social. Cómpre ofrecer estratexias que lles permitan sentir o centro como propio, cara o seu mellor desenvolvemento persoal e académico.

Unha educación en valores que forme as persoas.

Creemos nos valores do respecto, tolerancia, liberdade, igualdade, coeducación e non violencia nunha convivencia en solidariedade que evite as discriminacións e fomente a integración da diversidade.

Propoñémonos fomentar un marco educativo que, tendo en conta estes valores, supere o ámbito académico, facendo co-partícipes ás familias no proceso de formación.

Unha educación participativa, democrática, integral.

Entendemos que o alumnado debe implicarse na vida do Centro, participando nas súas actividades, suxerindo ideas, sempre dende un marco de respecto, e fomentando unha percepción positiva do Centro.

Queremos formar aos alumnos e alumnas non só para a súa habilitación de cara a unha formación académica futura, senón que tamén lle damos moita importancia á maduración persoal para a súa integración na vida social. Neste senso preocúpanos moito a formación da autoestima, o desenvolvemento da capacidade de toma de decisións, o aproveitamento do tempo de lecer...

Entendemos a educación baseada no pluralismo, aberta ao mundo e a súa diversidade.

Somos partidarios dunha comunicación fluída entre todos os membros da comunidade educativa, imprescindible para un funcionamento democrático do Centro.

Practicamos distintos estilos docentes, pero todos eles desembocan nunha metodoloxía activa que permita unha axeitada atención á diversidade, de acordo cos medios existentes no Centro.

O profesorado, preocupado pola súa actualización profesional, desenvolverá en cada curso actividades de formación continuada e dinamización que mellore a súa práctica docente. Asemade, velará porque estes principios marquen tamén as súas relacións entre si, tendendo á autocrítica e fomentando a participación democrática dos membros da comunidade educativa, procurando que as decisións se adopten por consenso sempre que sexa posible.

Unha educación que fomente o aprecio e valoración pola contorna.

Partindo da realidade sociolingüística da zona (cun alumnado maioritariamente castelán falante), fomentaremos o aprecio e valoración pola cultura propia e a valoración e uso da lingua galega.

Preocupámonos pola conservación e divulgación do patrimonio natural e cultural, promovendo accións no contexto social da zona que sensibilicen a toda a comunidade sobre o seu valor. Apertura ao contorno da escola coa organización de saídas e itinerarios culturais.

Faremos unha análise do contorno físico social a través de distintas áreas, tanto na localización do centro como do espazo que o rodea, así como as alternativas que emanan dos distintos organismos, asociacións...

A nosa escola estará sempre aberta ao exterior: Intercambios, visitas, campañas medioambientais, programas educativos municipais, programas culturais...

Pensamos que a educación do alumnado ten que ser interactiva co exterior e complementaria, con actividades educativas no exterior.

Unha educación que valore o coñecemento e a adquisición do saber como unha parte fundamental do desenvolvemento persoal.

Nun tempo no que todo muda moi axiña é fundamental trasladar ao alumnado a necesidade de formarse continuamente.

Neste contexto, resulta básico que o alumnado se faga consciente de que o dominio das ferramentas básicas da comunicación e do pensamento lóxico matemático, un coñecemento e posta ao día dos contidos de tipo humanístico, científico-tecnolóxico e unha certa bagaxe sobre o funcionamento da organización dunha sociedade democrática permitiralle unha rápida adaptación ás novas demandas sociais.

Curiosamente, en paralelo a este novo reto, observamos unha caída do esforzo e unha adquisición de rutinas que están lonxe da actitude que debería ter o alumnado de primaria.

No CEIP Arealonga afrontamos o reto de mudar estes hábitos para lograr elevar o nivel académico dos nosos alumnos e alumnas. Pretendemos fomentar a súa curiosidade cultural e científica, favorecer a reflexión e a análise como estratexia na adquisición do coñecemento e lograr que o saber sexa considerado un elemento importante na súa escala de valores.

3. O CENTRO

3.1. INSTALACIÓNS

O centro conta con seis edificios situados no recinto escolar de A Lomba.

- Edificio principal destinado á etapa de Primaria, onde ademais se atopa a zona administrativa.

Consta de dúas plantas nas que se reparten 12 aulas para os distintos niveis, 2 aulas de inglés, aula de música, aula de informática, salón de actos, conserxería, espazo de Orientación, aula de Relixión Católica e actividades alternativas, biblioteca, dous espazos para PT e aula de AL, aula de audiovisuais, aula de Polos Creativos, aula de convivencia, sala de mestres e 3 espazos de Administración (Dirección, Xefatura e Secretaría).

Tamén conta en cada un dos andeis con servizos-aseos para alumnado e profesorado, así como pequenos espazos para almacén do servizo de limpeza.

- Edificio da antiga EEI Vagalume na zona da Xunqueira, que acolle a etapa de Educación Infantil.

Consta de dúas plantas nas que hai 6 aulas para os distintos niveis, biblioteca, aula de matemáticas, aula de psicomotricidade, cuarto de material, conserxería e baños para o alumnado e o profesorado.

Conta con zona de patio cuberto, patio ao aire libre e invernadoiro.

No curso 2024/2025 comezouse unha ampliación deste edificio que remata no curso 2025/2026 e polo que agora conta cunha zona de departamentos, unha segunda saída con escaleiras de emerxencia e ascensor.

- Edificio que antes da integración estaba destinado á etapa de infantil e agora acolle o Plan Madruga e Comedor Escolar.
- Gimnasio.
- Antiga casa do conserxe.
- Pavillón compartido co CEIP A Lomba.

Os edificios de Primaria e o Comedor atópanse unidos entre si mediante unha galería interior dende o curso 2025-2026. Ademais contamos cunha pasarela que une a ampliación do edificio de Infantil con esta pasarela.

Cómpre sinalar que este colexio foi construído para 16 unidades da antiga EXB, polo que varios dos espazos que actualmente se están utilizando foron adecuados mediante paredes de madeira prefabricadas para converter espazos abertos en aulas.

O mantemento, limpeza e reparación corren a cargo do Concello.

3.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO

- **Horario apertura/peche do centro.**

A apertura da porta do transporte escolar faise ás 9:00 e a das portas de entrada ao centro realízase entre as 9:05-9:10. As familias faranse responsables do coidado do alumnado ata que se abren as portas que sinalan a entrada ás clases ás 9:15. O alumnado transportado accede ao centro vixiado polo profesorado de garda.

O portal da entrada péchase ás 09:30 horas. O alumnado que chegue despois desa hora terá que entrar acompañado da persoa a cargo e cubrir o xustificante. Os/as titores/as informarán á xefatura de estudos se a falta de puntualidade é habitual. O procedemento para a súa incorporación á aula será sempre a través da conserxería.

O horario de saída é ás 14.15 horas. A apertura do portal será ás 14:00 h.

- **Horario lectivo.**

O horario lectivo do centro é de luns a venres de 09:15 a 14:15 horas.

A responsabilidade do profesorado, en canto a titoría se refire, abrangue de 09.15 a 14.15 horas. Nos períodos anterior e posterior de entrada e saída, a garda e custodia do alumnado é responsabilidade das familias, excepto do alumnado transportado.

Distribución horaria:

SESIÓNS	HORA
1ª SESIÓN	09:15-10:05
2ª SESIÓN	10:05-10:55
3ª SESIÓN	10:55-11:45
RECREO	11:45-12:15
LECTURA	12:15-12:35
4ª SESIÓN	12:35-13:25
5ª SESIÓN	13:25-14:15

- **Horarios atención ao público.**

O horario de atención ás familias por parte do profesorado é os martes, de 17:30 a 18:30 horas.

O horario de atención ao público por parte do Equipo Directivo será informado ás familias ao comezo do curso lectivo. Intentarase que haxa dispoñibilidade dalgún membro a primeira hora da mañá e a última para atender a aquelas familias ou outros membros da Comunidade Educativa que o precisen. Na medida do posible, prégase que avisen con anterioridade para unha mellor organización.

O horario de secretaría é de luns a venres de 10:00 a 13:00.

- **Horario do recreo.**

O horario de recreo tanto para a etapa de Educación Infantil coma de Educación Primaria é de 11:45 a 12:15.

- **Horario da biblioteca.**

Ademais das quendas de biblioteca que se realizan en horario lectivo polas mañás, o alumnado poderá acceder á biblioteca en horario de tarde os luns, mércores e xoves de 16:00 a 18:00 horas.

Estará atendida polo profesorado do centro, nas quendas establecidas para tal fin.

- **Horarios dos servizos complementarios: comedor, transporte escolar e plan madrugá.**

As gardas para atender ao alumnado transportado son dende as 09:00 horas e a partir das 14:15 horas ata que o transporte saia da parada establecida no centro, serán realizadas polo profesorado en quendas. Os datos e paradas do alumnado son cargados na aplicación Transporte Escolar e os levarán impresos nunha tarxeta da que serán responsables e a traerán todos os días colocada nun sitio visible.

O Plan Madrugá impártese de luns a venres en horario de 7:45 a 9:15.

- **Horario de verán.**

O Equipo Directivo está no centro de 10:00 a 13:00 horas dende o 1 de xullo ata mediados do mes. Na última quincena deste mes o teléfono do centro está desviado aos móbiles dos membros do Equipo Directivo, que acudirán ao centros as veces que sexa preciso.

No mes de agosto o centro permanecerá pechado.

3.3. ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS

O CEIP Arealonga está situado no núcleo urbano do Concello de Vilagarcía de Arousa, no barrio da Lomba. A súa influencia é a zona urbana e as zonas periféricas de A Torre, Cornazo, A Laxe e Trabanca Badiña. Por este motivo, contamos con alumnado que acode ao centro empregando o transporte escolar.

Como centro adscrito contamos co IES Castro Alobre, que é o centro de secundaria de referencia ao que acode a maior parte do alumnado que remata neste centro os seus estudos de primaria.

4. OFERTA EDUCATIVA

4.1. ETAPAS EDUCATIVAS

O CEIP Arealonga é un Centro Público de Educación Infantil e Primaria dependente da Consellería Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, e consta dos seguinte niveis educativos:

Educación Infantil: (6 unidades)

CURSO	AULA	PRAZAS OFERTADAS
4º Infantil	A	20
	B	20
5º Infantil	A	20
	B	20
6º Infantil	A	25
	B	25
TOTAL INFANTIL		130

Educación Primaria: (12 unidades)

1º Primaria	A	25
	B	25
2º Primaria	A	25
	B	25
3º Primaria	A	25
	B	25
4º Primaria	A	25
	B	25
5º Primaria	A	25
	B	25
6º Primaria	A	25
	B	25
TOTAL PRIMARIA		300

4.2. ORGANIZACIÓN DA OFERTA

Cada curso escolar o equipo da Biblioteca solicita que se escolla un tema xeral para traballar o PDI. Dende o claustro de mestres/as fanse propostas e decídese cal se levará a cabo. A temática elixida será o eixo central para a organización de todas as actividades do curso.

As actividades deseñaranse acorde á idade e á capacidade do alumnado e así pode participar tanto a etapa de Educación Infantil como a de Educación Primaria nos seus distintos cursos.

• Educación Infantil.

O currículo de Educación Infantil organízase en tres áreas que dan resposta ao desenvolvemento da infancia e aos ámbitos en que se suceden as experiencias nestas idades:

- Crecemento en Armonía.
- Descubrimento e Exploración da Contorna.
- Comunicación e Representación da Realidade.

Para cada área defínense unhas competencias específicas, uns saberes básicos e uns criterios de avaliación que aínda que non teñen valor acreditativo, dado que a etapa non é obrigatoria, serven de referente para identificar o ritmo e progreso que se vai producindo, e sobre todo, para facilitar a tarefa de prevención, detección e intervención temperá.

Os saberes básicos que conforman cada área, serven ao profesorado para o deseño de actividades ou situacións de aprendizaxe emocionalmente positivas e significativas que deben contribuír ao desenvolvemento das competencias clave.

Ditas competencias configuran e son o fin último da aprendizaxe competencial, e nos nenos e nenas destas idades debe enfocarse a mobilizar o aprendido para a solución de problemas reais conectados coa contorna na que viven, en interacción cos seus iguais e de forma cooperativa.

Por herdanza da antiga EEI Vagalume, o noso centro conta co programa plurilingüe "Plurinfantil" para o segundo ciclo de Educación Infantil e alumnado recibe a materia de psicomotricidade en inglés.

Ante a integración desta escola no noso centro e a supresión do posto da mestra de inglés que levaba a cabo o programa, vémonos na obriga de replantexar a nosa participación de cara os vindeiros cursos.

- **Educación Primaria.**

A finalidade da Educación Primaria é facilitar a aprendizaxe da expresión e comprensión oral e escrita, da lectura e de cálculo; a adquisición de habilidades lóxico-matemáticas e de nocións básicas da cultura; fomentar hábitos de convivencia, e hábitos de estudo e de traballo, e promover a afectividade, a creatividade e o sentido artístico.

Estas ensinanzas tratan de garantir ao alumnado unha formación integral que repercuta positivamente no desenvolvemento da súa personalidade e lles permita afrontar con éxito a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

Os contidos das áreas mobilízanse dende unha perspectiva globalizadora e os docentes adaptan a súa práctica ao ritmo e traballo dos nenos e nenas.

Entre os obxectivos de etapa, a Educación Primaria contribúe ao fomento das normas de convivencia, á adquisición de habilidades para a resolución pacífica de conflitos, a comprensión e aceptación das diferentes culturas, a desenvolver as capacidades afectivas, e en xeral, a desenvolver as competencias matemáticas e a coñecer as cuestións fundamentais das áreas de estudo.

Como principios pedagóxicos búscanse garantir a educación inclusiva, a atención personalizada e prevención de dificultades de aprendizaxe e a expresión e a comprensión oral e escrita. A comunicación audiovisual, as competencias dixitais, a creatividade, o emprendemento ou o espírito científico trabállanse de forma transversal en todas as áreas.

O CEIP Arealonga conta con plurilingüismo na etapa de primaria, nos cursos de 1º a 3º, nos que se imparte en inglés a materia de plástica por dar continuidade ao programa de plurinfantil, pero atopamos dificultades para continuar coa participación pola redución de unidades e de prazas de inglés pola perda de matrícula dos últimos anos. Por este motivo, valorouse a posibilidade de deixar o programa de cara aos vindeiros cursos.

O noso centro oferta, tanto na etapa de infantil como na de primaria, a elección entre Relixión Católica ou Proxecto Competencial.

Atención á diversidade.

Para atender á diversidade, dende a Xefatura do Departamento de Orientación realízase o diagnóstico e seguimento do alumnado con dificultades, ademais de dar unha atención personalizada por parte do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe a dito alumnado.

Contamos tamén con grupos de reforzo nos que o profesorado con dispoñibilidade horaria atende ao alumnado que necesita apoio nalgún aspecto concreto para intentar que siga o ritmo normal da aula.

5. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

5.1. COMEDOR

O CEIP Arealonga conta con servizo de comedor xestionado pola ANPA dende o curso 2024/2025.

A entidade que presta o servizo de catering é José Fajardo SL e o nome da persoa responsable durante as comidas é Marcela Diz Lugo.

Para este servizo ofértanse 80 prazas susceptibles de ser aumentadas en caso necesario xa que se realizaron obras de ampliación.

O horario do servizo é de 14:15 a 15:55, excepto os luns e os mércores que se amplía ata as 16:30 para que os usuarios das actividades extraescolares realizadas no recinto escolar poidan enlazar ambos servizos.

5.2. TRANSPORTE ESCOLAR

O noso centro dispón do servizo de transporte escolar compartido co CEIP A Lomba, que está situado no mesmo recinto e co que compartimos tamén patio de recreo.

Contamos con 8 rutas de autobús nas que viaxa o alumnado de ambos colexios.

O horario de entrada e saída do colexio é de 9:15 a 14:15, pero o profesorado encargado das gardas de transporte espera ao alumnado que vai chegando ao colexio dende as 9:00 ata a hora de entrada e acompaña ao alumnado á hora de saída dende as 14:15 ata que marcha o último autobús.

As rutas que realiza o transporte escolar son:

- Ruta 1: Concello – A Torre
- Ruta 2: Figueirido – Vilaboa
- Ruta 3: Grupo San Roque – A Florida
- Ruta 4: Marxión – Estación de servizo
- Ruta 5: Praia Compostela – Casa do Mar
- Ruta 6: Paradela – A Laxe
- Ruta 7: Trabanca
- Ruta 8: A Laxe - Carolinas

5.3. OUTROS SERVIZOS

O plan madrugá é unha actividade organizada pola ANPA para poder conciliar a vida laboral e familiar. Impártese de luns a venres en horario de 7:45 a 9:15 no edificio anexo ao edificio principal, antiga Educación Infantil.

6. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

A ANPA realiza e organiza actividades tanto dentro coma fóra do recinto escolar, en horario de tarde. O seu proxecto de actividades é aprobado polo Consello Escolar a comezos de curso e incluído na PXA. Ao remate do curso fan unha valoración das actividades realizadas para incluír na Memoria Anual.

A ANPA disporá dun local para as súas reunións e administración. As actividades tanto culturais como deportivas que se realicen nas instalacións do centro, evitarán a discriminación e favorecerán a participación dos alumnos/as nas mesmas.

Algunhas das actividades ofertadas lévanse a cabo en dependencias do centro escolar, como poden ser o pavillón ou o ximnasio, pero hai outras que se realizan en dependencias externas.

7. ESTRUCTURA FUNCIONAL E ORGANIZATIVA

O CEIP Arealonga conta con 31 mestres/as distribuídos da seguinte forma:

Titoras de Educación Infantil	6
Apoios a Educación Infantil	2
Titores/as de Educación Primaria	12
Especialistas en Lingua Extranxeira (Inglés)	2
Especialista en Lingua Extranxeira (Francés)	1
Especialistas en Educación Física	2
Especialista en Educación Musical	1
Especialista en Relixión	1
Especialista en Pedagogía Terapéutica	2
Especialistas en Audición e Linguaxe	1
Orientadora	1

- **ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS**

- Directora
- Xefa de Estudos
- Secretaria

- **ÓRGANOS COLEXIADOS**

Claustro do Profesorado: reúnese polo menos unha vez ao trimestre, previa convocatoria.

- Composto por todos os mestres do centro.

Consello Escolar: reúnese polo menos unha vez ao trimestre, previa convocatoria, e está composto por:

- Directora.
- Xefa de Estudos.
- Cinco representantes do profesorado.
- Catro representantes de pais/nais por elección.
- Un representante de pais/nais por asignación da ANPA.
- Representante de persoal non docente.
- Representante municipal.

Xunta Económica:

- Director/a.
- Representante de pais/nais.
- Representante do profesorado.

- **ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE**

Equipos de Ciclo. Compostos por todo o profesorado que sexa titor de cada un dos ciclos e por outros especialistas que inciden no mesmo.

- Educación Infantil
- Primeiro Ciclo de Educación Primaria
- Segundo Ciclo de Educación Primaria
- Terceiro Ciclo de Educación Primaria

- **CCP**

Comisión de Coordinación Pedagógica. Constituída pola Directora, Orientadora, Xefa de Estudos, profesorado de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e os coordinadores dos distintos ciclos e equipos.

- **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

Constituído pola Orientadora, o profesorado de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, e os coordinadores dos distintos ciclos.

- **EQUIPO DE BIBLIOTECA**

Constituído polo menos por unha persoa de cada ciclo, exercendo unha delas como coordinadora.

- **EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

Constituído polo menos por unha persoa de cada ciclo e exercendo unha delas como coordinadora.

- **EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Constituído polo menos por unha persoa de cada ciclo, exercendo unha delas como coordinadora.

- **EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC**

Constituído polo menos por unha persoa de cada ciclo, exercendo unha delas de coordinadora.

- **EQUIPO DE CONVIVENCIA E IGUALDADE**

Constituído polo menos por unha persoa de cada ciclo, exercendo unha delas de coordinadora.

8. RELACIÓN COS AXENTES EDUCATIVOS, SOCIAIS, ECONÓMICOS E CULTURAI DA CONTORNA

Intentaremos que o noso centro forme parte da súa contorna, como base para integrar a propia realidade na aprendizaxe do alumnado. Pretendendo tamén servir de vehículo para influír de modo positivo nesa realidade e que sexan capaces de enfrontarse a ela dun xeito crítico e creativo.

Aproximarémonos á realidade mediante saídas didácticas. Cada nivel ou ciclo programará as saídas do curso, que se reflectirán na PXA.

As saídas irán encamiñadas en Educación Infantil e no 1º ciclo de Educación Primaria, ao coñecemento da realidade máis próxima (parques, biblioteca municipal, praza de abastos, fábricas...) E a realidade un pouco máis lonxana para o 2º e 3º ciclos (Visitas a museos, parques naturais, acuario, Casa da Ciencias...)

Ademais das visitas valoraremos a participación en actividades de teatro, musicais, charlas, campañas medioambientais, programas institucionais.

A través do EDLG organizaremos a presenza no centro de grupos de teatro, contacontos, charlas e actividades que potencien o uso da lingua.

Reflectirase na PXA o Plan para a potenciación e organización e relacións coa comunidade educativa, dirixido a:

- Familias
- ANPA
- Persoal non docente
- Colectivos e asociacións da contorna.

Estableceranse colaboracións e intercambios culturais cos servizos sociais do Concello e outras institucións:

Servizos sociais:

- Intercambio de información, apoio e colaboración ao alumnado e familias que o demanden.
- SPAD, a través de programas como cine, obradoiros, charlas...

Concellería de Educación:

- Programas e actividades educativas: Representacións, actividades transversais, apoio e colaboración en actividades...
- Mantemento das instalacións.

Outras Concellerías:

- Desenvolvemento de escolas e intercambios deportivos.
- Cesión de instalacións deportivas.
- Festa do deporte.
- Programas de igualdade.
- Ludotecas e obradoiros.

Consellería de Educación, a través da Delegación Provincial, relacións de carácter administrativo para o desenvolvemento de programas e consultas de carácter profesional (CFR).

Deputación Provincial:

- Visitas a museos e outros.

Comunidade Educativa de A Lomba:

- Co CEIP A Lomba, para organización de espazos comúns, actividades conxuntas.
- Intercambio de experiencias.
- Gardería Municipal, para ofrecerlles a oportunidade de asistir a algunhas das actividades que se realizan no centro.

Entidades: para desenvolver programas como: O tren da lingua; concertos didácticos; representacións teatrais, audicións musicais...

Outros centros:

- Intercambios lúdico deportivos.
- Intercambios de experiencias.

Colectivos culturais e ecoloxistas:

- Actividades medioambientais.
- Recuperación de tradicións
- Divulgación.

9. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

Documentos		Data próxima revisión	
PROXECTO EDUCATIVO		2029/2030	
Documentos incluídos dentro do Proxecto Educativo	Plan Xeneral de Atención á Diversidade	2025/2026	
	Plan de Orientación	2025/2026	
	Plan Acción Titorial	2029/2030	
	Plan de convivencia	2025/2026	
	Plan de igualdade	2025/2026	
	Proxecto Lingüístico	2025/2026	
	Plan Biblioteca	2025/2026	
	Proxecto Lector	2025/2026	
	Plan de Formación e Dixitalización do profesorado.	2025/2026	
	Plan Dixital	2029/2030	
	Plan ACE	2025/2026	
	Plan Act. Físicas e Hábitos Saudables	2025/2026	
	Plan Actuación ante Emerxencias ou Plan Autoprotección	2025/2026	
	CONCRECIÓN CURRICULAR		2029/2030
	NOFC		2025/2026
	PLAN DE MELLORA (anual)		2025/2026

Os documentos son enviados a través do correo electrónico ao claustro e consello escolar para a súa lectura, facer aportacións e posterior aprobación nas convocatorias de reunións.

O procedemento de difusión e publicidade da documentación oficial do centro para que toda a comunidade educativa teña información de todos os documentos farase a través da páxina web do centro.

10. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE CENTRO

O presente documento, así como todos os que figuran na táboa anterior, deben ser revisados cada 4 anos. En calquera caso, poderanse modificar sempre que as circunstancias o esixan.

Así mesmo, todos os plans/programas anteriores deberanse concretar anualmente na PXA.

O PEC será dado a coñecer a todo o profesorado e directiva da ANPA para que aporten as consideracións que estimen oportunas. Unha vez que sexa aprobado polo Consello Escolar, será conveniente que, da forma que se determine, sexa coñecido por toda a Comunidade Educativa.

O Equipo Directivo do Centro será o encargado de velar polo cumprimento do PEC, así como da coherencia entre o PEC e actividade xeral do centro.

Debe ser revisado periodicamente co fin de ver en que medida se está cumprindo, e ver se hai aspectos que deban ser modificados, clarexados...

Cando se queiran introducir modificacións, as propostas de modificación poden partir do Equipo directivo, do Claustro de profesores ou por calquera outro dos sectores representados no Consello Escolar, sempre que a proposta a introducir estea avalada polo menos por un tercio do estamento que representa.

Unha vez feita a proposta, a Directora fixará o prazo para o seu estudio por tódolos membros do Consello Escolar. A proposta, se é aprobada, incluírase no documento e entrará en vigor cando o Consello Escolar o determine.